



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Seminario Internacional sobre a Administración e Internet

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	9
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2002
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Actividade convocada pola EGAP en colaboración co Instituto Europeo de Administración Pública-Centro Europeo de Rexións.

O obxectivo principal do concepto de goberno electrónico (e-goberno) é o de apoiar e optimiza-los procedementos e reformas administrativas, así como o de introduci-las novas tecnoloxías de información e métodos nas organizacións públicas. Neste sentido, os principais actores que deben actuar son as administracións públicas rexionais e locais en Europa, precisamente pola súa proximidade ós cidadáns.

Para dar unha clara explicación deste novo fenómeno (o e-goberno), este seminario internacional examinará:

- Qué é o e-goberno, quen son os seus destinatarios, os fins que pretende a elaboración e aplicación dun proxecto de e-goberno.
- O estado actual no referente ás accións e iniciativas das administracións públicas europeas no marco de e-goberno.
- O marco da Unión Europea de incentivos para promover e facilitar e-goberno.
- A e-participación/e-democracia, revisando os instrumentos existentes a disposición dos cidadáns para incentiva-la súa participación no proceso de integración europea.
- Unha visión de conxunto de proxectos (boas prácticas) de e-goberno nas comunidades autónomas, así como un exemplo doutra rexión europea.
- As prioridades da Presidencia española ó progreso de e-goberno.

DESTINATARIOS

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- A Administración na Internet: concepto e definición.
- ¿Onde está Europa?: o estado actual do e-goberno na Unión Europea (o debate sobre os informes das reunións dos directores xerais de Servizo Público baixo as presidencias francesa, sueca e belga, redactado polo IEAP).
- Debate sobre retos e posibles riscos para as administracións públicas rexionais e locais, en canto á posta en marcha da Administración na Internet.

-A e-participación: as ferramentas que facilitan a participación dos cidadáns no proceso de decisión a través de TIC (tecnoloxía, información e comunicación).

-E-goberno na práctica: unha visión comparada de proxectos de administración electrónica nas CC.AA.

-Mesa coloquio: e-goberno na práctica (o caso de Galicia e Cataluña).

-A experiencia doutras entidades europeas.

-Facilitando o e-goberno: as iniciativas, programas e financiamento da Unión Europea.

-O apoio desde a Presidencia española do Consello da Unión Europea ó progreso do e-goberno.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS

OURENSE

LOCALIDADE: Ourense

INICIO / FIN: 02/04/2002 a 03/04/2002

NUM. PRAZAS: 275

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Salón de actos da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Avda. da Habana, s/n. Ourense.